

Anexo II.- Modelo de Convenio

“Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería local a través dos Bonos Corazón Compostela 2025.

Santiago de Compostela, de de 2025.

REUNIDOS:

Dunha parte:

Dona María Rozas Pérez, como Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle confire o Decreto da Alcaldía do 17 de xuño de 2023, a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e demais normativa de aplicación, con CIF nº P1507900G e, domicilio social na Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

Doutra parte;

....., con DNI, actuando en nome e representación de, na súa condición de, en virtude das facultades emanadas de

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, e recoñécense mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

MANIFESTAN:

Primeiro. O Concello de Santiago de Compostela vai proceder á convocatoria de concesión de axudas económicas dirixidas a propiciar o fortalecemento do sector comercial e hostaleiro local mediante a estimulación da demanda.

A axuda farase efectiva a través dos Bonos Corazón Compostela que poderán ser utilizados nos establecementos comerciais retallistas e hostaleiros que se adhiran ao programa, segundo as condicións de participación establecidas na correspondente convocatoria de adhesión, que será obxecto de aprobación e publicación no momento que corresponda.

As persoas usuarias dos bonos serán as persoas físicas maiores de idade.

Segundo. A entidade, foi seleccionada, previa convocatoria pública, como entidade financeira colaboradora na entrega e distribución dos fondos do Programa de

dinamización e incentivación do consumo a través dos Bonos Corazón Compostela 2025.

Terceiro. Ambas as partes, por razóns de eficacia na xestión e co fin de acadar unha mellor prestación dos servizos as persoas beneficiarias das axudas, e de conformidade cos artigos 12 e 16 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

Cláusulas:

Primeira. Obxecto da colaboración.

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a xestión e distribución dos fondos das axudas económicas que se van convocar para fortalecer o comercio e hostalería local estimulando a demanda e reducindo o impacto económico derivado da crise sanitaria ocasionada pola Covid19.

O Concello de Santiago destina ao programa un crédito de 600.000 euros, que se articulará a través de dúas convocatorias de axudas, por importe de 300.000 euros cada unha.

As axudas articularanse a través da modalidade de bonos desconto nas compras e consumos de bens e servizos realizados nos establecementos adheridos, no período que se determine nas correspondentes convocatorias de concesión dos bonos que se aprobará próximamente, cunha duración estimada de dous meses, cada unha.

Segunda. Entidade colaboradora.

..... é unha entidade colaboradora que cumpre cos artigos 3 e 5 das bases que rexen o procedemento de selección da entidade colaboradora para a xestión e distribución das axudas económicas dirixidas a propiciar o fortalecemento do sector comercial retalista e hostaleiro de Santiago.

Terceira. Obrigas da entidade colaboradora.

A entidade colaboradora, sen prexuízo do disposto no artigo 15 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e do establecido nas bases polas que se convoca o procedemento de concorrencia para a selección da entidade financeira colaboradora, obrígase ao seguinte:

1. Entregar e distribuír as axudas do programa mediante a habilitación dunha plataforma tecnolóxica específica e das aplicacións informáticas máis adecuadas para a posta en marcha, a eficaz execución e o seguimento do programa de tal forma que permita ter un seguimento, control e rastreabilidade da emisión dos bonos, da súa troca nos establecementos adheridos e do seu pagamento.
2. Ter operativas a plataforma e/ou aplicacións informáticas, habilitando o procedemento operativo entorno ao 28 de abril 2025, para a primeira

convocatoria, e entorno ao 6 de outubro de 2025. A data exacta será posta en coñecemento da entidade colaboradora cunha antelación de dez días.

3. Por a disposición dos establecementos adheridos un servizo permanente de atención telefónica, online ou similar que permita o traslado de incidencias, consultas ou suxerencias durante toda a duración do programa.
4. Utilizar a imaxe do programa definida polo Concello de Santiago de Compostela en todos os soportes físicos e dixitais.
5. Por á disposición do Concello de Santiago de Compostela os seguintes informes, cunha periodicidade quincenal:
 - Persoas usuarias dados de alta no programa.
 - Establecementos dados de alta no programa, desagregados en comercio e hostalería.
 - Número de bonos descargados (por datas).
 - Importe dos bonos pendente de troca completa ou parcial.
6. Ser a depositaria dos fondos transferidos e entregar e distribuír os fondos públicos aos establecementos adheridos ao programa, sen ningún custo ou requisito adicional dos previstos no programa e con independencia de que sexan clientes/as da entidade, cunha periodicidade semanal, a partir do momento da aplicación do bono desconto no establecemento. Os bonos serán cofinanciados pola persoa beneficiaria na porcentaxe que determine a convocatoria correspondente. Por elo, a obriga de entregar e distribuír os fondos aos establecementos adheridos ao programa, comprende así mesmo a entrega e distribución da parte financiada pola persoa beneficiaria do bono.

Estes fondos en ningún caso se considerarán integrantes do seu patrimonio.
7. Xestionar, controlar e supervisar o correcto destino dos fondos depositados na conta para o programa e, de ser o caso, coas instrucións específicas dadas polo Concello de Santiago de Compostela.
8. Informar do saldo dispoñible dos bonos semanalmente e en todo caso na data límite de xustificación establecida na cláusula décimo segunda, coa finalidade de realizar o reembolso dese saldo, se é o caso, ao Concello de Santiago de Compostela.
9. Comunicar ao Concello de Santiago de Compostela, a través do correspondente ficheiro, as operacións de liquidacións e transferencias de aboamento realizadas, cunha periodicidade semanal.

10. Reintegrar os fondos públicos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
11. Cumprir, en materia de protección de datos, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Deberase manter a xestión das bases de datos do programa á marxe das bases de datos da clientela da entidade financeira, e non se poderá utilizar para ningún fin distinto da propia administración e xestión dos bonos.
12. Dispoñer de libros e rexistros contables para facilitar a adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.
13. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración local, autonómica, estatal, comunitaria e do Concello de Santiago de Compostela, no exercicio das súas funcións.
14. Cumprir cos requisitos e obrigas impostas polos artigos 13 e 15 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e nos artigos 10 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta. Obrigas do Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela comprométese a:

1. Con carácter previo ao inicio do programa librar o crédito necesario para realizar o pagamento da totalidade das axudas.
2. Definir a imaxe do programa en todos os soportes físicos e dixitais.
3. Facilitar o contido das declaracións das altas dos usuarios e dos comerciantes e hostaleiros así como das autorizacións expresas en materia de protección de datos, nos termos que se establezan na orde de convocatoria de concesión dos Bonos Corazón Compostela 2025 e no presente convenio.
4. Compensar os gastos en que incorra a entidade colaboradora ao abeiro do artigo 16, apartado 3, letra m) da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Quinta. Operativa da xestión das axudas.

– A entidade colaboradora habilitará as aplicacións informáticas tecnicamente máis idóneas para dar de alta os usuarios dos Bonos Corazón Compostela 2025, e identificará respecto de cada un deles a seguinte información:

- Nome e apelidos.
 - Enderezo de residencia (código postal).
 - Maioría de idade.
 - DNI.
 - Número de teléfono móbil.
 - Correo electrónico.
- Habilitación da solución técnica para a descarga dixital dun bono por parte dos usuarios.

Cada persoa usuaria disporá dun máximo de tres bonos que poderán ser usados nun ou en varios dos establecementos adheridos ao programa. A súa aplicación efectuarana os propios establecementos e, para tal efecto, a entidade colaboradora habilitará os mecanismos e canles necesarios.

Cada bono terá o valor determinado na orde de convocatoria de concesión dos Bonos Corazón Compostela e irase reducindo nos termos sinalados en dita orde.

O uso da aplicación e a descarga dos bonos polo usuario suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, por medio dunha declaración responsable a persoa usuaria deberá manifestar, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na orde correspondente e que os datos indicados son certos. Así mesmo, deberán constar as autorizacións correspondentes en materia de protección de datos persoais nos termos que se establezan na orde de convocatoria de concesión dos Bonos Corazón Compostela e no presente convenio.

- O Concello de Santiago de Compostela, mediante convocatoria pública, establecerá o prazo para que os establecementos interesados, en adherirse ao programa Bonos Corazón Compostela, se dean de alta na aplicación tecnolóxica habilitada pola entidade colaboradora para o efecto.

Na alta dos establecementos deberá quedar constancia da seguinte información:

- Nome e apelidos/nome fiscal.

- Domicilio fiscal.
- NIF/CIF
- Nome, apelidos e DNI do representante.
- Nome comercial.
- Enderezo do establecemento comercial ou hostaleiro.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.
- IAE principal.
- Data de alta da actividade principal.
- Número de traballadores/as da empresa ou autónomo/a.
- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento comercial ou hostaleiro.

A alta e o uso da aplicación polos comerciantes e hostaleiros suporá a aceptación das condicións e obrigas do programa e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, as persoas comerciantes deberán asinar dixitalmente unha declaración responsable manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados.

O sistema establecido estará habilitado de tal forma que permita ao Concello de Santiago de Compostela bloquear ou dar de baixa altas na aplicación.

O importe máximo de bonos que pode trocar cada establecemento será o establecido na orde de convocatoria do programa.

A entidade colaboradora habilitará o sistema de funcionamento e troca dos bonos de tal forma que queden rexistrados o importe e concepto da compra, a identificación do bono e o importe descontado.

A entidade colaboradora deberá entregar e distribuír aos comerciantes e hostaleiros o importe dos bonos trocados na conta bancaria indicada para tal efecto.

Sexta. Compensación económica e constitución de garantías.

A compensación económica a favor de polos gastos de posta en funcionamento, seguimento e control do presente programa é de 38.746,62 euros (impostos incluídos), financiados con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 2269900 dos Orzamentos Xerais do Concello de Santiago de Compostela. Dita compensación económica farase efectiva ao remate do programa previa emisión por parte da entidade colaboradora da factura correspondente.

En atención ás características da colaboración e a solvencia da entidade, a entidade colaboradora está exenta de constituir as garantías previstas no artigo 53.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento estatal de subvencións.

Sétima. Protección de datos.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

As partes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lles sexan confiados para a formalización do programa ou que sexan elaborados con ocasión da súa execución, salvo que a comunicación derive dunha obriga legal ou mandato xudicial.

A entidade colaboradora, como encargada do tratamento dos datos, ten encomendado o labor de recollida, rexistro e almacenamento dos datos persoais necesarios para a tramitación dos Bonos Corazón Compostela segundo as directrices establecidas polo Concello de Santiago de Compostela e garante expresamente, respecto dos datos de carácter persoal que se traten durante a xestión dos devanditos bonos:

- a) Que adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa conservación e seguridade e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
- b) Que non os comunicará a terceiras persoas.
- c) Que gardará o segredo profesional respecto destes.
- d) Que os utilizará única e exclusivamente para os efectos previstos neste convenio.

As obrigas anteriormente citadas non exclúen nin contraveñen as obrigas que se citarán como condición de persoa encargada do tratamento.

Oitava. Encargo do tratamento.

O Concello de Santiago de Compostela ten a condición de responsable do tratamento de datos persoais e a entidade colaboradora ten a condición de encargada do tratamento; a entidade colaboradora comprométese ás seguintes condicións:

1. Tratar por conta do Concello de Santiago de Compostela os datos de carácter persoal necesarios para a xestión dos Bonos Corazón Compostela. A tipoloxía de datos tratados e as categorías das persoas interesadas serán unicamente os recollidos nesta orde. O tratamento poderá consistir na recollida, rexistro, conservación, consulta, supresión e destrución da información.
2. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios; neste suposto, será considerada como responsable do tratamento.
3. Tratar os datos de acordo coas instrucións da persoa responsable do tratamento. Se a persoa encargada do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXP, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, informará inmediatamente á persoa responsable.
4. Levar por escrito, cando proceda segundo o artigo 30 do RXP, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta da persoa responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
5. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa da persoa responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. A persoa encargada pode comunicar os datos a outras persoas encargadas do tratamento do mesma persoa responsable, de acordo coas instrucións desta última.
6. Manter o deber de segredo respecto dos datos persoais a que teña acceso en virtude do presente contrato, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
7. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, do que as informará convenientemente. A persoa encargada manterá á disposición da persoa responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigaón.
8. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

9. Asistir a persoa responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obrigaón de responder as solicitudes das persoas interesadas nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, a persoa encargada facilitará á persoa responsable, por requirimento desta e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas soliciten o exercicio dos seus dereitos ante a persoa encargada do tratamento, este informará, a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso en <https://www.santiagodecompostela.gal>.
10. No caso de que o obxecto da colaboración prevea a recollida de datos directamente pola entidade, esta facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se vaian realizar no momento de recadar os datos. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar coa persoa responsable e cumpriran en todo caso as esixencias previstas no RXPB e na LOPDGD.
11. Notificar á persoa responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo de que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia, de ser o caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme o previsto no artigo 33 do RXPB.
12. Dar apoio á persoa responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.
13. Implantar, nos casos que aplique, as previsións recollidas no Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
 - 13.1. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
 - 13.2. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - 13.3. Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
 - 13.4. Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fora necesario.

14. Poñer á disposición da persoa responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existiren, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realice a persoa responsable ou outro auditor/a autorizado/a.
15. Designar un delegado/a de protección de datos, se corresponde segundo o previsto no artigo 37 do RXPd e no artigo 34 da LOPDGDD, e comunicar a súa identidade e datos de contacto á persoa responsable, sen prexuízo da preceptiva inscrición na AEPD.
16. Devolver á persoa responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto do presente convenio, os datos persoais e, de ser o caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipamentos informáticos utilizados pola persoa encargada. Non obstante, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

Novena. Prazo de vixencia.

O prazo de vixencia deste convenio comezará a partir da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Décima. Interpretación do convenio.

As cuestións xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas polo Concello de Santiago de Compostela e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou poderá interpoñerse directamente ante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se o dito acto for expreso. Se non o for expreso, o prazo será de seis meses e contarase, para a persoa solicitante e outros/as posibles interesados/as, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeira. Resolución do convenio.

Son causas de resolución deste convenio:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
2. O acordo unánime das partes asinantes.

3. O incumprimento total ou parcial das estipulacións contidas nas cláusulas ou no articulado da orde pola que se convoca o procedemento de selección de entidades colaboradoras.
4. Calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.

Para os efectos do reintegro das subvencións, aplicarase o disposto no título II da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Décimo segunda. Xustificación e inspección.

O Concello de Santiago de Compostela, como responsable do programa, reserva para si o dereito de realizar durante a duración do programa ou a *posteriori* e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control considere oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa subvencional.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, o Concello de Santiago de Compostela poderá cancelar a súa adhesión ao programa Bonos Corazón Compostela comunicando a dita circunstancia á entidade colaboradora co fin de impedir a troca e pagamento dos bonos.

Os establecementos adheridos están obrigados a facilitar canta información sexa requirida polo Concello de Santiago de Compostela e os restantes órganos de control no exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas.

A xustificación ante o Concello de Santiago de Compostela, por parte da entidade colaboradora, dos fondos entregados e distribuídos, realizarase o 15 de decembro de 2025, como data límite, mediante a achega, ou posta a disposición ante o Concello, da seguinte información:

- Listaxe das persoas usuarias dadas de alta e importe dos consumos realizados.
- Relación das liquidacións de pagamentos efectuados aos comercios e establecementos hosteleiros adheridos.
- Número e importe total dos bonos descargados
- Importe total dos bonos trocados
- Cantidade ou saldo dos fondos non distribuídos, no seu caso, obxecto de reembolso ao Concello de Santiago de Compostela, que deberá realizarse igualmente antes do 15 de decembro de 2025, incluído.

Décimo terceira. Natureza administrativa.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da

aplicación dos principios e criterios da devandita lei para resolver as dúbidas ou lagoas que poida presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

As dúbidas que poidan xurdir en relación coa interpretación e cumprimento do convenio resolveranse de común acordo, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo cuarta. Réxime xurídico.

Para todo o non previsto neste convenio observarase a Lei 38/2003 xeral de subvencións, RD 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como as restantes normas xerais de dereito administrativo.

E en proba da conformidade cos termos do presente convenio, as partes asínano e rubrícano no lugar e na data indicados na cabeceira.”